

Luns, 31 de maio de 2021

Núm. 101

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Presupostos e cadros de persoal

*EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
PONTEVEDRA CORRESPONDENTE O EXERCICIO DE 2020*

EDICTO

A Comisión Especial de Contas na sesión que tivo lugar o día 28 de maio de 2021 emitiu informe favorable sobre a Conta Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ó exercicio 2020, integrada pola propia da Deputación de Pontevedra, a da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contra incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes e a consolidada.

En cumprimento co disposto no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2020 expónse ó público por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes.

Así mesmo durante o prazo de exposición pública e de acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse na páxina web “www.depo.gal” a documentación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2020.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O deputado delegado (Delegación efectuada por R.P. nº 2019012988 de data 15-07-2019), Carlos López Font.—O Secretario, Carlos Cuadrado Romay.

Asinado dixitalmente ao marxe.

